

Necesitamos unha nova folga xeral contra as reformas e a crise

Outro modelo económico e social é posíbel

A CIG chama ás demais centrais sindicais a mobilizar novamente a clase traballadora. A resposta contundente que demos na xornada de folga xeral do día 29 contra a Reforma laboral, non foi dabondo para modificar a decisión do Goberno español.

CONTRA AS
REFORMAS
DO CAPITAL

AS medidas que contempla a Reforma referidas a abaratar o despedimento, paralizar os convenios e substituír contratación indefinida por ETTs, ten unha intención evidente de deixar desprotexida a clase traballadora diante das empresas e unha finalidade de reducir os salarios.

Na actualidade xa estamos comprobando os efectos máis inmediatos da Reforma; estanse a producir numerosos despedimentos amparados en causas obxectivas, que só lles custan 12 días ás empresas, xa que 8 os paga o Fogasa (Fondo de Garantía Salarial), é dicir, todos e todas nós.

Pero as medidas contra a clase traballadora non acaban nesta Reforma. Teñen preparada unha Reforma das Pensións para mellor negocio da Banca; a Reforma da negociación colectiva (convenios, para impedir que os propios afectados, os traballadores e traballadoras poidamos decidir sobre os nosos convenios e poder reducir significativamente os salarios); finalmente queren reducir tamén as prestacións por desemprego.

Todas as reformas atacan de xeito brutal os nosos dereitos, os que conquistaron os nosos pais e nós mesmos na historia de loita da clase traballadora.

O Goberno español e o PP obedecen disciplinadamente a doutrina que reclama o FMI (Fondo Monetario Internacional), Banco Mundial e todas as demais institucións do capitalismo. Retirar dereitos, salarios, servizos e prestacións públicas. Transferir salarios da clase traballadora para rendas dos capitalistas e diminuír a protección e os servizos públicos, o ensino, saúde, etc., todo para negocio privado.

A clase traballadora loita con dignidade en Francia, Grecia e nos próximos días en Portugal. En Galiza o pasado 29 de setembro demos unha resposta incontestábel contra a Reforma. O futuro dos nosos dereitos depende de nós mesmos.

A maiores, a crise está a destruír sectores vitais da nosa economía en Galiza, abandonados deliberadamente polo Goberno do Estado e a Xunta, mentres contrariamente conceden axudas multimillonarias á Banca e a sectores das multinacionais e grandes empresas.

**Temos moitas razóns para loitar,
e coa CIG a loita continúa.**

**Defendamos os nosos dereitos
e os sectores estratéxicos da nosa nación.**

Manifestación

Vigo, ás 20:00h - Vía Norte



18 de novembro
MOBILIZACIÓN



Confederación Intersindical Galega